

FESTA DA LINGUA

Sábado 11 de maio nas Torres

12.30 h
Rockeando
coas que máis
molan
de Pakolas



Un concerto coa recompilación das cancións que máis molan dos seus discos: Pakolas, Ramona Órbita e A Ramona pequena vai á lúa. A rapazada poderá bailar cancións como Baldomero, o mero ou Manolo Cavernario, as preferidas da rapazada e de Pakolas.

Duración: 60 minutos

16.30 h
Xogos
Poporrubio



Os xogos do Paporrubio é un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria, que nos dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna. O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía as familias por unha eira chea de xogos.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas maiores de 2 anos.

17.00 h
Carapuchiña
vermella



de Ángeles Goas
Carapuchiña e os cinco lobiños é un espectáculo de narración oral e música onde a grande protagonista é unha Carapuchiña Vermella que vive unha aventura un pouco diferente. No seu camiño, a falta dun lobo, hai 5 lobiños que son tan pequerrechiños que caben na súa cesta.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos

Duración: 30 minutos

18.30 h
Son Animal
concerto



de Paco Nogueiras
Un novo espectáculo de Paco Nogueiras dedicado aos animais máis próximos e aos seus sons convertidos en divertidas cancións. Moi preto de nós viven toda clase de animais. Hainos grandes, pequenos, con pelo, con plumas, con rabo..., todos especiais e diferentes. E todos co seu son que se converten en divertidas cancións da man de Paco Nogueiras.

Duración: 55 minutos

Inscripcións: desde o 6 de maio

Reserva a túa praza para o espectáculo a través do formulario habilitado o día marcado desde as 10.00 horas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición tendo preferencia os dous primeiros días as familias inscritas no Apego de Oleiros.

Concello de  Oleiros



Aínda non formas parte do Apego? Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarnos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo lingua@oleiros.org



Concello de  Oleiros

Cantaxoga

de Migallas Teatro

Sábado 17 de febreiro, ás 18.00 h na Fábrica



Cantaxoga é un espectáculo de teatro e música onde María Campos e Carlos Yus interpretan cancións dos discos *Canta conosco!* e *Pan de millo* acompañados por unha banda de pulgas e realizan sktechs cómicos relacionados cos contidos das cancións. Un dos sktechs é o relativo ao O rap da lingua, onde se anima dun xeito humorístico as nais e os pais e as persoas adultas en xeral a falarlle en galego á cativada.

Persoas destinatarias: familias, público infantil

Duración: 60 minutos

Inscripción: desde o 12 de febreiro

Obradoiro de olería: O polbo Po

Venres 23 de febreiro e 1 e 15 de marzo ás 17.00 h (de 0 a 3 anos) e 18.30 h (de 3 a 6 anos) nas Torres de Santa Cruz

Obradoiro de olería no que se fará un lapiseiro con forma de polbo ou unha peza cun polbo do Apego. Farase un obradoiro para familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos e outro de 3 a 6 anos.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 3 e de 3 a 6 anos


Duración: 60 minutos

Inscripción: desde o 12 de febreiro. As familias que participan neste obradoiro non terán preferencia para a inscrición do obradoiro de olería *Unha primavera chea de flores*.

Música na pel

de Arkhé

Domingo 25 de febreiro, ás 11.30 h na Casa da República



Neste obradoiro aprenderemos unha rutina de masaxe equilibrada entre movementos relaxantes e estimulantes, acompañadas dunha mestura de arrollos, cancións tradicionais e xogos.

Persoas destinatarias: bebés desde 2 meses ata 1 ano

Duración: 50 minutos

Inscripción: desde o 19 de febreiro

A pequena gran inventora

Domingo 10 de marzo, ás 12.00 h na Fábrica



A Laura encántalle inventar cousas. Por casualidade, crea unha piña que fala!, coa axuda da súa nova amiga vivirá aventuras increíbles cheas de pompas, música, bailes... A pesar de que Laura é pequena, é unha gran inventora; pero para que as súas creacións funcionen, precisamos da vosa axuda!

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas maiores de 2 anos

Duración: 40 minutos

Inscripción: desde o 4 de marzo

Travesía Unicornio

de Teatro Ghazafellos

Sábado 16 de marzo, ás 18.00 h na Fábrica



Travesía Unicornio é unha adaptación ao teatro do libro de María Canosa gañador da primeira edición do Premio Anisia Miranda de teatro infantil. Un neno e o seu unicornio atópanse cunha xenia que lles promete facer realidade os seus desexos. Travesía Unicornio é unha obra chea de humor que cambia os roles tradicionais de xénero abrindo as portas a que as nenas e nenos decidan libremente sobre os seus gustos.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas maiores de 5 anos

Duración: 50 minutos

Inscripción: desde o 11 de marzo

Cinco ratiños de conto

de Migallas Teatro

Domingo 24 de marzo, ás 12.00 h na Fábrica



Na aldea do queixo fresco os ratiños cantan cancións e escoitan divertidas historias; a da ratiña e a moeda de ouro ou a do rato que se agocha nun zapato. Sons e texturas apoian as historias e captan a atención dos nenos e nenas nunha proposta sinxela e divertida para gozar en familia.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas a partir de 6 meses

Duración: 35 minutos

Inscripción: desde o 18 de marzo

Obradoiro de olería: Unha primavera chea de flores

de Lydia Botana

Venres 5, 12 e 19 de abril, ás 17.00 h (de 0 a 3 anos) e 18.30 h (de 3 a 6 anos) nas Torres de Santa Cruz



Obradoiro de olería no que se farán flores de barro e pintaranse. Farase un obradoiro para familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos e outro de 3 a 6 anos.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 3 e de 3 a 6 anos.

Duración: 60 minutos

Inscripción: desde o 1 de abril. As familias que participasen no obradoiro do polbo Po non terán preferencia.

Babá-bebé

de A Xanela do Maxín

Sábado 6 de abril, ás 17.00 e 18.00 h na Fábrica



Unha obra na que bebés e familias se mergullan nun espazo acolledor, seguro e propicio para gozar do paso das estacións, iniciando nunha primavera na que podemos observar e sentir o reino vexetal que comeza a medrar e un osiño que esperta, para despois pasar polo verán coa súa calidez e un mar que nos abraza, o ocre do outono e finalmente o frío inverno, onde o noso osiño se bota a durmir, descansando de todos os xogos e brincadeiras.

Persoas destinatarias: familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos

Duración: 35 minutos

Inscripción: desde o 1 de abril

Os contos de Alí- O pozo do encanto

de Lydia Botana

Sábado 13 de abril, ás 18.00 h na Fábrica



Alí, coñece a popular figura que vive nun pozo entre as rochas das montañas. Porén, cada vez son menos as persoas que a visitan alí arriba, polo que ela é a que decide baixar á aldea para poder seguir transmitindo a súa máxica fala. As nenas e nenos achéganse á árbore onde descansa para conseguir as palabras que lles axuden a atopar os maiores tesouros do mundo.

Persoas destinatarias: familias con nenas e nenos de 3 a 6 anos

Duración: 50 minutos

Inscripción: desde o 1 de abril

Roteiro Seixo Branco en familia

Domingo 28 de abril, ás 11.00 h no Seixo Branco

Descubriremos en familia este máxico recuncho onde se activarán os nosos sentidos da vista, o olfacto e o oído, a través da fermosura do mar. Neste lugar de esplendorosas rochas, as pedras serán as protagonistas do obradoiro de artesanía. Buscaremos en familia o tesouro das "Pedras Máxicas" entre os piñeiros, e faremos despois xuntas os noso propios deseños cheos de cor.

Duración total: 2.30 h (roteiro + obradoiro)

Inscripción: desde o 22 de abril

De aquí para alá coas emocións

de Lydia Botana

Domingo 5 de maio, ás 12.00 h na Fábrica



A bolboreta máis musical, aquela que viaxara de aquí para alá polo mundo adiante á procura da felicidade para o seu amiguíño africano, perdeu as cores das ás! Ao principio, non sabe que puido pasar, pero devagariño comeza a comprender as emocións que sente expresándoas a través da música. Mediante ritmos e melodías de diversas culturas, descubriremos novos instrumentos musicais e bailes cos que seguiremos aprendendo. Poderá Bolboreta recuperar todas as cores das ás nesta nova aventura?

Inscripción: desde o 29 de abril

